

COMUNICADO Nº 082/22
18 DE MAIO DE 2022



COMISIÓN GALEGA DE AUTOCROSS:


Onte, día 17 de Maio de 2022, no Circuito de A Pastoriza fíxose a selección da "1ª Beca Yacarcross-FGA". O inicio déuselles ós inscritos un curso teórico, e práctico na pista, por titores de PTC Escola e de Pro-Driver en vehículos de serie e con pneumáticos de calle. Despois da primeira toma de tempos seleccionáronse os tres mellores pilotos, por tempos e con titor a bordo.

Deseguido déuselles outro curso de condución en tres Yacarcross baixo titores de Yacar Racing a tódolos inscritos na beca sen ningún tipo de discriminación.

Ó final os tres mellores, da selección de vehículos de calle, deron, cada un, unha volta de quecemento no carcross e tres voltas con toma de tempos. Deseguido cada un dos tres seleccionados tívoselle en conta o tempo da mellor das tres voltas para a súa clasificación final.

O gañador foi o piloto novel **Don Eliot Gómez Solla**, de Salvaterra de Miño, e recibirá un curso específico de teoría (PTC Escola), e un curso de condución (Yacar Racing-Calviño Sport, S.L.) en circuito de autocross.

O vindeiro sábado, día 21 de Maio do 2022, iniciará a súa andaina competitiva no "25º AUTOCROSS O CASTRO", na categoría Carcross-Junior, baixo a Escudería Yacar Racing, e coa esponsorización da Federación Galega de Automobilismo.



COMISIÓN DE AUTOCROSS
DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO